

INFORME SECTORIAL AUGAS DE GALICIA**ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO SUIME (IN408A 2018/07)****UBICACIÓN: CONCELLO DE RODEIRO (PONTEVEDRA)****SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN****PROMOTOR: GREENALIA WIND POWER, SLU****Obxecto**

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 22 de outubro de 2021, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Suime de 30 MW, de xullo de 2021, e sobre a Separata de Augas de Galicia do Parque Eólico Suime, de setembro de 2021, en cumprimento do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, dos apartados 12 e 14 artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, e nos artigos 127 e 131 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e demais normativa vixente de aplicación.

Segundo se indica na documentación aportada, o Estudo de Impacto Ambiental realízase en cumprimento do artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e pretende ser o documento básico para predicir e xestionar os potenciais impactos derivados da execución do Proxecto do Parque Eólico Suime, dentro do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental do mesmo.

A Separata ten por obxecto describir as características do proxecto Administrativo-Construtivo do Parque Eólico Suime e analizar as posibles afeccións a cursos fluviais da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Antecedentes

Con data 11 de novembro de 2019 a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda consulta a Augas de Galicia en relación ao alcance e contidos específicos que debería incluír o Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Suime, en cumprimento do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O informe de contestación á devandita consulta tivo saída dende Augas de Galicia o 16 de decembro de 2019.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrológico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.



- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o **"Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Suime"**, de xullo de 2021, redactado por un equipo multidisciplinar de NOVOTEC CONSULTORES SA e dirixido por Dña. M^a Victoria Escuredo Merino, Xefa do Departamento de Calidade e Medioambiente en Galicia, asinado o 30/06/2021 e que consta de memoria e anexos (Anexo I: Marco legal, Anexo II Estudo de campos electromagnéticos, Anexo III – Estudo de ruidos, Anexo IV – Estudo de sombras, Anexo V- Planos ambientais, Anexo VI – Estudo de efectos sinérxicos, Anexo VII – Turismo, Anexo VIII – Reportaxe fotográfica, Anexo IX – Prospección arqueolóxica para o estudo de Impacto sobre Bens Culturais, Anexo X – Presupuesto de restauración, Anexo XI – Cumprimento do documento de alcance, Anexo XII – Referencias Bibliográficas e Anexo XIII : Documento de Síntese), e a **"Separata Augas de Galicia del Proyecto de Ejecución del Parque Eólico "Suime" en el Término Municipal de Rodeiro, (Pontevedra). Septiembre 2021 "**, de setembro de 2021, asinado o 15/10/2021 pola Enxeñeira de Minas María Moreno Martínez, colexiada nº 3.229 do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, que consta de memoria e planos. Todos os documentos en formato dixital (pdf).

A continuación describense brevemente as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

O parque eólico Suime localízase no concello de Rodeiro, na provincia de Pontevedra, dentro da Área de Desenvolvemento Eólico denominada ADE Serra do Farelo, do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

O parque eólico Suime contará con seis aeroxeradores tripá de 5 MW de potencia unitaria, modelo SG-5.0-145 de SIEMENS-GAMESA de 145 m de diámetro de rotor e 102,5 m de altura de buxeiro, resultando unha potencia total instalada de 30 MW.

Os aeroxeradores estarán interconexionados mediante unha rede de 30 kV constituída por unha serie de liñas subterráneas que transportarán a enerxía ata subestación elevadora "ST PE Suime 30/132 kV" situada no concello de Rodeiro. A evacuación realizarase ata chegar á subestación de Portodemouros de 132 kV, que conforma o nudo no que se plantea a evacuación dos parques eólicos existentes nesta zona, mediante a construción dunha LAT de 132 kV, obxecto doutro proxecto.

As coordenadas de ubicación dos aeroxeradores, en coordenadas UTM ETRS89 fuso 29N, son as seguintes:

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y	Concello	Provincia
AE 01	586.363	4.725.643	Rodeiro	Pontevedra
AE 02	586.680	4.725.477	Rodeiro	Pontevedra
AE 03	587.023	4.725.304	Rodeiro	Pontevedra



AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y	Concello	Provincia
AE 04	587.223	4.725.039	Rodeiro	Pontevedra
AE 05	587.338	4.725.905	Rodeiro	Pontevedra
AE 07	588.330	4.725.408	Rodeiro	Pontevedra

A posición da Subestación transformadora así como os vértices da parcela onde se ubica, e a da zona de acopio e instalacións auxiliares e parque de maquinaria están definidos polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29):

INSTALACIÓNS	UTM-X	UTM-Y
Zona de acopio, Instalacións auxiliares e parque de maquinaria	586.310	4.725.272
SET PE Suíme 30/132 kV	586.267	4.725.312
Poligonal SET PE Suíme	586.230	4.725.329
	586.295	4.725.332
	586.306	4.725.311
	586.299	4.725.307
	586.293	4.725.303
	586.287	4.725.298
	586.283	4.725.293
	586.278	4.725.287
	586.274	4.725.280
	586.271	4.725.273
	586.269	4.725.266
	586.267	4.725.259

A obra civil que se proxecta, comprende as seguintes actuacións:

- Accesos e viais interiores

Os accesos xerais ao parque eólico realizaranse a partir da infraestrutura viaria existente na zona, respectando a continuidade dos camiños existentes e o acceso aos terreos lindeiros. O acceso ao Parque Eólico Suíme realizarase dende Rodeiro a través da estrada PO-212; unha vez superado o punto quilométrico 13, partirá un tramo de vial de nova execución para acceder ao parque eólico. A partir deste executarase unha rede de viais que permiten o acceso a todos e cada un dos aeroxeradores, á vez que conectan o parque coas estradas do ámbito. A lonxitude desta rede será de 7.367 m, dos que 3.129 m corresponden a viais de nova execución e os 4.238 m restantes corresponden a viais a acondicionar.

Os camiños internos ás liñas de aeroxeradores e o acceso ao centro de control adaptaranse ao máximo á topografía, minimizando con iso o movemento de terras. Procurarase que os viais discorran en desmante aberto na ladeira, evitando trincheiras. Onde fose factible, levará parte do camiño en terraplén, empregando produtos de desmante para compensar volumes na medida do posible, minimizando á vez o carrexo de terras á entulleira autorizada.



Nos camiños de acceso estenderase un paquete de firme composto por unha base de saburra artificial de 30 cm de espesor, que servirá como capa de base e de rodadura, despois de retirar a capa superficial de terra vexetal que ten un espesor medio de 30 cm, ou ben sobre terraplén. A sección tipo dos viais contará cun semiancho mínimo de 2,50 m, aportando un sobreancho en curvas de radios inferiores a 60 m onde non se estenderán as capas de saburra, senón que serán executados con material óptimo, resultante das propias escavacións da obra ou de préstamos autorizados; no caso de necesitar unha capa final máis consistente, esta será executada mediante o estendido e compactación dunha capa de "selaxe", a determinar en obra, de 15 cm de espesor.

Para evitar a circulación de augas sobre o firme dos diferentes camiños do parque e captar a esorrentía do terreo construíranse cunetas, de sección triangular, non revestida, que desaguará cara ás liñas de drenaxe natural. Estas cunetas de terras contarán cunha lonxitude superior mínima de 1 m e 0.40 m de altura.

Por último, defínense as pendentes mínimas dos noiros, que en desmonte serán de 1H/2V, e en terraplén 3H/2V, ao igual que nos noiros dos firmes, que adoptarán un valor de 3H/2V.

- Plataformas de montaxe. Áreas de maniobra

Para situar o guindastre que se precisa para elevar os equipos ao seu emprazamento, construírase xunto a cada torre unha plataforma horizontal, limitándose na maioría dos casos a superficiais procesos de despexe e roza e posteriores "pasados o ferro", das superficies resultantes, mediante rodetes compactadores. Esíxese que as áreas construídas sobre terrapléns, deberán obter un proctor modificado PM superior ou igual ao 98%. Os noiros destas áreas serán tratadas mediante sistemas de hidrosiembra.

Opcionalmente, e segundo necesidades puntuais, o estudo de Impacto Ambiental contempla que poden tratarse as superficies das áreas, para maior consistencia de apoios, con saburras naturais ao 98% de P.M. en capas non inferiores aos 20 cm. No obstante, como regra xeral, as plataformas, deberán estar preparadas para soportar unha capacidade portante de 2 kg/cm².

As dimensións estimadas das plataformas para os aeroxeradores segundo o fabricante será de 43 x 12 m², de (43 x 75)/2 m² e de 15 x 72 m².

- Plataformas dos aeroxeradores

Na base dos aeroxeradores executarase unha plataforma horizontal, limitándose as alturas dos desmontes e dos terrapléns a 2 m e a pendente dos noiros ao 50%.

Esta plataforma terá categoría E1 e estará constituída polos seguintes chans definidos segundo o artigo 330 do PG3:

- Chans seleccionados: Serán os que se utilicen para a coroación da plataforma.
- Chans Adecuados e/ou Tolerables: Utilizaranse en cimentos e núcleos de recheos.

O material clasificado como marxinal ou inadecuado non poderá ser utilizado en ningures da obra.

Por último, todas as terras procedentes de desmontes e escavacións serán depositadas en entulleiras autorizadas.

- Cimentación dos aeroxeradores

A cimentación das torres dos aeroxeradores consistirá nunha zapata de formigón armado redonda de canto variable para cada aeroxerador, de aproximadamente 20,80 m de diámetro inferior e 5,50 m de



diámetro superior. Terá un canto mínimo de 0,50 m no extremo e un canto variable máximo de 2,90 m na súa unión co pedestal, onde se atopa un recrecido de 0,50 m.

A capacidade portante será de 3 kg/cm².

- Instalacións auxiliares

Construirase unha zona para o acopio de materiais, parque de maquinaria e instalacións auxiliares de 1.310 m² de superficie próxima á subestación e ao edificio de control.

- Drenaxe

A drenaxe da plataforma dos viais resólvese dotándoa de bombeo transversal do 2%, tanto en tramos rectos como en curvas. En todos os tramos en desmonte escavaranse cunetas triangulares cunha profundidade de 35 cm baixo a cota de apoio da saburra. En tramos con exceso ou defecto de pendente, esta cuneta revestirase con formigón.

Así mesmo, deberanse construír obras de drenaxe transversal (ODT) que permitan o cruce de pequenos cauces baixo os viais. As ODT proxectadas consisten en tubos, de 40, 60 ou 120 cm de diámetro, rematadas en embocaduras de pozo ou aletas.

- Gabias para cableado

As gabias para cables de media tensión discorrerán paralelas aos camiños internos do parque, con tres niveis superpostos de cableado para aloxar as redes de media e baixa tensión e a rede de comunicacións.

Éstas terán unha profundidade de 1,20 metros e unha anchura comprendida entre os 0,60 m e os de 1,30 m. Para as gabias en terreo ordinario, os 40 cm máis profundos, onde vai colocado o cableado, échese con area de río compactada; a zona intermedia cos produtos de escavación e os 0,30 m máis superficiais con terra vexetal. Para gabias baixo camiños ou estradas, os 60 cm máis profundos échense con formigón HM-20; a zona intermedia cos produtos de escavación e os 0,30 m máis superficiais con zahorra artificial ou aglomerado asfáltico, segundo o firme orixinal da vía que atravesa.

Os cables de fibra óptica para control irán entubados e os eléctricos tenderanse directamente sobre o leito de area.

- Rede de terras

Aproveitaranse as escavacións previstas para a realización da cimentación do aerogenerador, para instalar o anel de condutor que constitúe o eléctrodo de posta a terra do mesmo.

Tenderase tamén un condutor de cobre espido no fondo das gabias para as liñas que se proxectan.

- Subestación Transformadora

Como parte da infraestrutura eléctrica necesaria para a evacuación do novo parque eólico atópase a construción dunha subestación transformadora "SET PE Suime" (30/132 kV). Os circuitos eléctricos de MT do parque eólico proxéctanse en 30 kV e irán directamente conectados á Subestación. Nesta parcela construírse un edificio de control, de 19,50 x 10 m de planta e 5,97 m de altura, mediante elementos prefabricados, executando in situ a cimentación, a solera e o cerramiento.

Este edificio contará cunha fosa séptica estanca para desaugar as augas fecais.

O Documento Ambiental inclúe un inventario ambiental onde describe e valora a situación preoperacional do medio receptor. Neste inventario, no apartado 7.2.7 de Hidroloxía, indícase que, en



xeral, a poligonal do parque caracterízase pola presenza dunha rede de cursos fluviais de escasa entidade (regos), recollidos na seguinte táboa :

Cauce	Distancia Aeroxerador máis próximo
Rego da Costa de Suíme	a 150 m do AE 03
Rego de Lamazares	a 200 m do AE 04
Rego da Portela	a 250 m do AE 07
Rego de Coreixas	a 350 m do AE 07
Rego de Suíme	a 420 m do AE 05
Rego de Quinta	a 470 m do AE 05
Rego de Rubiás	a 915 m do AE 01

Con respecto aos cruzamentos coa rede fluvial, ningunha das infraestruturas proxectadas afectaría a zonas de policía de canle, aínda que en dúas ocasións os viais de acceso atópanse moi próximos á zona de policía do Rego de Rubiás e do Rego de Coreixas.

Con todo, o estudo de impacto ambiental sinala que, observando a cartografía, localízase un posible cruzamento coa gabia de cableado e o vial de acceso ao aeroxerador nº4, que xa utiliza un camiño existente co Rego da Costa de Suíme.

Inclúese na documentación presentada un apartado de identificación e valoración de impactos, onde se analizan os principais impactos que se poderán producir durante as distintas fases do proxecto. No tocante aos posibles impactos sobre a hidroloxía indícase que tódalas estruturas asociadas atópanse fora da zona de Dominio Público, a máis de 100 m dos distintos cursos fluviais, polo tanto non fai pensar que se poidan producir afeccións significativas sobre o réxime hidráulico nin sobre a calidade das augas.

Non obstante, en dúas ocasións os viais de acceso atópanse moi próximos á zona de policía do Rego de Rubiás e do Rego de Coreixas; Ademais, debido á abundante pluviosidade rexistrada na zona, a o Estudo de Impacto Ambiental indica que produciranse escorrentías superficiais que baixan dende a zona alta da implantación dos aeroxeradores á zona máis chaira por onde discorre a gabia de cableado de interconexión e o vial principal de acceso ao parque, orixinando dous tipos de impactos sobre a hidroloxía:

- Alteración da calidade da auga
- Alteración do réxime hidrolóxico

O Estudo de Impacto Ambiental clasifica estes impactos como compatibles e moderados nas diferentes fases de construción, explotación e desmantelamento.

En canto ás medidas correctoras previstas para evitar ou reducir os efectos negativos que a actividade proxectada introduce sobre o medio, indícanse as seguintes sobre a xestión hídrica:

- As instalacións de obra situaranse en zonas afastadas de calquera curso ou masa de auga.
- No caso de ter que realizar os labores de mantemento de maquinaria in situ, adoptaranse as medidas de protección oportunas, debendo contar con equipos de recollida de efluentes e manterase unha distancia mínima de seguridade ás canles de polo menos 5 m, instalándose mallas ou outros dispositivos que eviten procesos de escorrentía.



- Nas zonas de elevada pendente, dispoñeranse mallas de retención ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.
- Non se acumularán residuos, terras, cascallos, material de obra nin calquera outro tipo de material ou substancia en zonas de fortes pendentes próximas a cursos de auga, nin interferindo a rede natural de drenaxe, de modo que se evite a súa incorporación ás augas en caso de choiva ou escorrentía superficial.
- ☒ A incorporación das augas de drenaxe á rede hidrográfica deberá ser gradual, polo que a saída das drenaxes transversais nos puntos onde a auga dos fosos incorpórese ao terreo, así como nos tramos de foso en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou obstrucións na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

O Documento inclúe un Programa de Vixilancia Ambiental (Apartado 11 da memoria) para garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras, e un Plan de restauración e revexetación (Apartado 10 da memoria), así como un Presuposto de restauración (Anexo X).

Segundo a Separata de afeccións para a Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa presentada, as afeccións sobre os cursos fluviais existentes redúcense á realización das seguintes obras :

- Viais de acceso aos aeroxeradores
- Gabias para canalización eléctrica
- Drenaxes lonxitudinais e transversais

Ademáis, a Separata identifica as seguintes afeccións :

- Afección 1: Na zona este do denominado Monte de Suíme, producirase un cruzamento de gabia para canalización eléctrica e vial do parque eólico co Rego de Coreixas.
- Afección 3: Un tramo do vial e gabia para canalización eléctrica, na zona denominada Monte de San Cibrao atópase dentro da zona de policía do Rego do Corrolino.

Afeccións identificadas	UTM-X	UTM-Y
Cruce nº 1: Rego de Coreixas	587.831	4.725.781
Cruce nº 2: Rego do Corrolino	586.143	4.725.093

Por último, a Separata inclúe a descripción e os criterios de dimensionamento dos elementos da drenaxe lonxitudinal e transversal dos viais a executar ou acondicionar para dar servicio ao parque eólico.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca, e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial



O Parque Eólico Suime atópase situado no Concello de Rodeiro, na provincia de Pontevedra, dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación (SE) no que se localiza dita infraestrutura é o número 05 "Río Ulla e Ría Arousa (Marxe dereita)".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia, os seguintes cursos fluviais codificados por Augas de Galicia: O Rego Pequeno de Achacán (24403710) e os seus afluentes, como son o Rego de Rubiás (2440371009), o Rego de Suime (2440371007), o Rego de Coreixas (24403710051) e o Rego da Portela (2440371005); tamén discorre o Río de Rodeiro (24403708) e o seu afluente o Rego da Costa de Suime (2440370804).

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede de detalle actualizada 2019 da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa, as instalacións do parque eólico non presentan afeccións ao Dominio Público Hidráulico.

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalación proxectadas. detectadas segundo a documentación achegada:

Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudio de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego de Coreixas (24403710051)	Cruce e Zona de Policía	Respecto do EIA, na memoria (apartado 7.2.7) identifican a cercanía da Zona de Policía de Rego do Coreixas do vial de acceso. Respecto da Separata, tanto o apartado 3.2 da memoria como o plano nº 2.5, identifican a AFECCIÓN Nº 01 debida ao cruzamento do Rego de Coreixas pola gabia de cableado de MT e dun tramo do vial, no punto de coordenadas (X=587.831; Y=4.725.781).	Afección non detectada no visor
2	Rego sen nominar afluente do Río Rodeiro (24403708) (Rego da Costa de Suime tributario do Río de Rodeiro segundo rede fluvial actualizada 2019)	Cruce e Zona de Policía	Respecto do EIA, na memoria (apartado 7.2.7) identifican un posible cruzamento do Rego da Costa de Suime pola gabia de cableado e o vial de acceso ao aeroxerador nº 04, e pola obra de adecuación do vial de acceso ao aeroxerador A03 que transcorre paralelo a dito arroio.	Afección non detectada no visor
3	Rego de Corrolino (2440371009) (Denominado Rego de Rubiás segundo a rede fluvial actualizada 2019)	Zona de Policía	Respecto do EIA, na memoria (apartado 7.2.7) identifican a cercanía da Zona de Policía do Rego do Rubiás do vial de acceso. Respecto da Separata, tanto o apartado 3.2 da memoria como o plano nº 2.2, identifican a AFECCIÓN Nº 03 á zona de policía de cauces do Rego de Corrolino pola gabia de cableado de MT e dun tramo do vial, no punto de coordenadas (X=586.143; Y=4.725.093).	Afección non detectada no visor



Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais cunha conca de aportación inferior a 1 km² ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias así como as zonas de ocupación temporal necesarias para o desenvolvemento das obras que requiran actuacións localizadas en zona de dominio público hidráulico ou en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos cauces así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos cauces no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapás.xunta.gal/visores/dhgc/>.

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, destacar a presenza da ZEC denominada "Monte Faro" ES014ZECES1120008 que se atopa a uns 2.930 m do aeroxerador AE 07 e a 2.120 m da poligonal do parque.

Non hai ningunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) nas proximidades.

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables



Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito



significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapás.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.



Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e salvo erro ou omisión, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscrición)	Coord. Y (Datum inscrición)
DH.B36.13736	Particular	585.042	4.724.407
		585.036	4.724.397
DH.A36.15980	Particular	585.110	4.724.439
DH.B36.52784	Particular	585.842	4.724.751
DH.B36.61781	Particular	586.613	4.724.975
		586.546	4.724.969
DH.A36.40916	Empresa	586.651	4.724.975
DH.B36.58893	Particular	587.396	4.725.494
DH.B36.63165	Particular	588.087	4.725.762
DH.B36.53362	Particular	586.023	4.725.859

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de páso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".



Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Na documentación presentada, indícase que o edificio de control da subestación contará cunha fosa séptica estanca para desaugar as augas fecais, non indicando nada acerca do abastecemento de auga.

Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA.

Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do dominio Público Hidráulico.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os cauces disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.



Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Proxecto do Parque Eólico Suime**, no concello de Rodeiro (Pontevedra), no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

- A Xefa de Área de Autorizacións e Concesións - María C. Beneyto González-Baylín (Sinatura Dixital).
- O Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico - Roberto Arias Sánchez (Sinatura Dixital).

